

## NOTA INFORMATIVA AXENDA

### **Martes 9**

**10.30 h.**

#### **Programa de utilización didáctica da cidade *Vivir Santiago***

Escolares de educación infantil do Colexio La Salle fan unha visita didáctica ás dependencias da Policía Local.

**11.30 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro Xesús Pampín sobre asuntos da súa área de seguimento.

**12.00 h.**

No Teatro Principal, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Festas, Xosé Baqueiro, para presentar a programación das festas da Ascensión 2006.

**12.30 h.**

No Salón Verde da Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego para presentar a obra teatral "A farsa do Bululú" de Manuel María que representa Teatro do Morcego. O concelleiro estará acompañado por Celso Parada, director da obra, e Miguel Varela, actor. "A farsa do Bululú", que se representará no Teatro Principal o xoves e o venres ás 21.00 horas, enmárcase dentro dos actos da *Homenaxe Nacional a Manuel María*.

**13.00 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Promoción Económica, Xosé Manuel Iglesias, para presentar a Xornada da Rede de Cooperación Local, na que tres investigadores da USC darán charlas a empresarios do Polígono do Tambre. No acto estarán tamén Manuel Caeiro, presidente da Asociación de Empresarios de Polígono do Tambre; e José Luis Villaverde, do Centro de Innovación e Transferencia Tecnolóxica da USC.

**17.00 h. (16.00 h. hora portuguesa)**

Na Casa-Museu Teixeira Lopes/Galerías Diogo de Macedo (Rúa Teixeira Lopes, 32), en Vilanova de Gaia, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, e presidente do Eixo Atlántico, asiste á inauguración da VII Bienal de pintura do Eixo Atlántico.

**20.00 h.**

Na Galería Sargadelos, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, participa xunto a Encarna Otero e Manuel Bragado na presentación do libro de Suso de Toro ***Home sen nome***.

**22.00 h.**

#### ***Música***

No Ambigú, Fredy febreiro

### ***XV Semana Aniversario do Centro Sociocultural "José Saramago" de Vite***

**17:30 - 18:30 h**

Exhibición de Tai Chi

**19:30 - 21.00 h**

Danzas colombianas (Cumbia, porro, currelaos)

**21:00 h**

ALMUSICA.

Concerto. Encontro coa vibración, (didgeridoo, cuncas tibetanos, harmónicos vocais).

**19:00 h**

Actuación MagoVituco Para nenos e nenas na Ludoteca.

### **Axenda cultural**

Pódese consultar a axenda cultural en: [www.compostelacultura.org](http://www.compostelacultura.org)

### **NOTA INFORMATIVA**

Até o venres día 12 de maio aínda está aberto o prazo para presentarse ao certame infantil de *CONTOS ILUSTRADOS* con unha extensión máxima dunha páxina por conto, acompañado dunha ilustración do mesmo. Asemade, tamén está aberta a inscrición para o *CONCURSO DE CONTOS FALADOS* que terá lugar o sábado 13 de maio a partir das 18:00 horas. Todos os rapaces/-as e mozos/-as poden inscribirse neste concurso no que durante un máximo de 6 minutos terán que contar unha historia ou conto elixido polo xurado media hora antes do comezo do acto.

**Santiago de Compostela, 8 de maio de 2006**